

Deleuze, Gilles, *Nietzsche et la philosophie*, PUF, Paris, 1967. *Nietzsche y la filosofía*, trad. Carmen Artal, Editorial Anagrama, Barcelona, 1971.

#### 40\_LANZAMIENTO DE DADOS

O xogo ten dous momentos que son os de lanzar os dados: os dados que se lanzan e os dados que caen. Nietzsche chega presentar a tirada de dados como xogándose por riba de dúas mesas distintas, a terra e o ceo. A terra na que se lanzan os dados, o ceo no que van caer. (...) 41- O lanzamento de dados afirma o devir, e afirma o ser do devir.

#### 74\_VONTADE DE PODER e eterno retorno

A vontade de poder é o elemento do que se desprenden a un tempo a diferenza de cantidade das forzas en relación, e a calidade que, nesta relación, corresponde a cada forza. Aquí revela a súa natureza a vontade de poder: é o principio de síntese das forzas.

(...) o eterno retorno é a síntese e o seu principio é a vontade de poder.

#### 77\_ VONTADE DE PODER

Nietzsche chama vontade de poder ao elemento xenealóxico da forza. Xenealóxico quere dicir diferencial e xenético. A vontade de poder é o elemento diferencial das forzas, é dicir, o elemento de produción da diferenza de cantidade entre dúas ou varias forzas supostas en relación. A vontade de poder é o elemento xenético da forza, é dicir, o elemento de produción da calidade que pertence a cada forza desa relación.

## 81\_FUERZAS ACTIVAS E REACTIVAS

Na orixe está a diferenza das forzas activas e reactivas. A acción e a reacción non están nunha relación de sucesión, senón de coexistencia na mesma orixe. Do mesmo xeito, a complicitade das forzas activas e da afirmación, das forzas reactivas e da negación, revélase nun principio: todo o negativo se sitúa do lado da reacción. Inversamente, só a forza activa se afirma, afirma a súa diferenza, fai da súa diferenza obxecto de gozo ou de afirmación. A forza reactiva, mesmo cando obedece, limita a forza activa, imponlle limitacións e restricións parciais, está xa posuída polo espírito do negativo.

## 86\_ESCRAVO

O escravo non deixa de ser un escravo porque trunfe; cando os débiles trunfan non é formando unha forza maior, senón separando a forza do que esta pode.

146\_ A imaxe dogmática do pensamento aparece en tres teses esenciais: 1. Díxenos que o pensador en tanto que pensador quere e ama a verdade (veracidade do pensador); que o pensamento como pensamento posúe ou contén formalmente a verdade (connaturalidade da idea, a priori dos conceptos); que o pensar é o exercicio natural dunha facultade, que basta pois pensar “verdadeiramente” para pensar con verdade (recta natureza do pensamento, bo sentido, compartido universalmente). 2. Dísenos tamén que fomos desviados da verdade, pero por forzas estrañas ao pensamento (corpos, paixóns, intereses sensibles). Porque non só somos seres pensantes, senón porque caemos no erro, tomamos o falso por verdadeiro.

O erro, ese sería o único efecto, no pensamento como tal, das forzas exteriores que se opoñen ao pensamento. 3. Finalmente, dísenos que basta un método para pensar ien, para pensar verdadeiramente. O método é un artificio, pero grazas ao que atopamos a natureza do pensamento, adherímonos a esa natureza e conxuramos o efecto das forzas estrañas que a alteran e nos distraen. Grazas ao método conxuramos o erro.

## 152\_PENSAMENTO

Nunca o pensamento pensa só e por si mesmo; nunca tampouco vén simplemente turbado por forzas que se serían sempre exteriores. Pensar depende das forzas que se apoderan do pensamento. Mentres o noso pensamento está ocupado por forzas reactivas, mentres atopa o seu sentido nas forzas reactivas, hai que confesar que aínda non pensamos. (...) Pensar, como actividade, é sempre unha segunda potencia do pensamento, non o exercicio natural dunha facultade, senón un acontecemento extraordinario para o propio pensamento.

## 176\_INVERSIÓN DE VALORES COMO FICCIÓN

Ao deixar de ser activadas, as forzas reactivas proxectan unha imaxe invertida. E esta proxección reactiva é o que Nietzsche chama unha ficción: ficción dun mundo supra-sensible en oposición a este mundo, ficción dun Deus en contradición coa vida. (...) A ficción é quen reside a evolución do resentimento, é dicir, as operacións polas que, simultaneamente, a forza activa sepárase do que pode (falsificación), acusada e tratada como culpable (depreciación), invertidos os valores correspondentes (negación).

É por esta ficción, nesta ficción, onde as forzas reactivas se representan como superiores.

#### 195\_CULTURA REACTIVA

Utilízanse procedementos de selección, pero para destruír aos fortes, para escoller aos débiles, aos doentes ou escravos. A selección e a xerarquía invértense. A selección convértese no contrario do que era dende o punto de vista da actividade; non é máis que un medio de conservar, de organizar, de propagar a vida reactiva.

#### 208\_NIHILISMO

Nihil en nihilismo significa a negación como calidade da vontade de poder. No seu primeiro sentido e no seu fundamento, nihilismo significa pois: valor da nada tomado pola vida, ficción dos valores superiores que lle dan este valor da nada, vontade da nada expresada nestes valores superiores.

O nihilismo ten un segundo sentido, máis corrente. Xa non significa unha vontade, senón unha reacción. Reacciónase contra o mundo suprasensible, négaselle toda validez. Xa non desvalorización da vida en nome de valores superiores, senón desvalorización dos propios valores superiores. (...) 209- Hai un momento, opúñase a esencia á aparencia: facíase da vida unha aparencia. Agora négase a esencia, pero consérvase a aparencia. O primeiro sentido do nihilismo atopaba o seu principio na vontade de negar como vontade de poder. O segundo sentido, “pesimismo da debilidade”, atopa o seu principio simplemente na vida reactiva, nas forzas reactivas reducidas a si mesmas. O primeiro sentido é un nihilismo negativo; o segundo sentido é un nihilismo reactivo.

## 236\_HOMBRE SUPERIOR E CULTURA

A actividade xenérica e cultural é un falso perro de fuego, non porque sexa unha aparencia de actividade, senón porque posúe unicamente a realidade que serve como primeiro termo ao devir reactivo. É neste sentido que se concilian os dous aspectos do home superior: o home reactivo como expresión sublime e divinizada das forzas reactivas, o home activo como produto esencialmente falido dunha actividade que erra esencialmente o seu fin. Debemos, pois, rexeitar calquera interpretación que presente ao superhome como triunfante alí onde o home superior fracasa. O superhome non é un home que se sobrepasa e consegue sobrepasarse. A diferenza entre o home superior e o superhome é de natureza, está na instancia que respectivamente os produce, como no fin que respectivamente acadan.

## 246-7\_TRASVALORACIÓN

Transmutación, transvaloración, significan: 1. Cambio de calidade na vontade de poder. (...) 2. Paso da ratio cognoscendi á ratio essendi na vontade de poder.(...) 3. Conversión do elemento na vontade de poder. (...) 4. Reino da afirmación na vontade de poder. (...) 5. Crítica dos valores coñecidos. (...) 6. Inversión da relación das forzas.

## 258\_AFIRMAR

Afirmar sigue a ser valorar, pero valorar dende o punto de vista dunha vontade que goza da súa propia diferenza na vida, en vez de sufrir as dores da oposición que ela mesma inspira á vida. Afirmar non é tomar como carga, asumir o que é, senón liberar, descargar o que vive. Afirmar é alixeirar; non cargar a vida co peso dos valores superiores, senón crear

valores novos que sexan os da vida, que fagan da vida a lixeira e a activa. Falando con propiedade, só hai creación na medida na que, lonxe de separar a vida do que pode, utilizamos o excedente para inventar novas formas de vida.

### 261\_DOBRE AFIRMACIÓN

A afirmación dionisiáca require unha segunda afirmación que a toma por obxecto. O devir dionisiáco é o ser, a eternidade, pero en tanto que a afirmación correspondente é tamén afirmada: “eterna afirmación do ser, eternamente son a túa afirmación” (DD, “Gloria e eternidade”).

### 263\_DIFERENZA É AFIRMACIÓN

E a diferenza é a esencia do afirmativo como tal. A afirmación é pracer e xogo da súa propia diferenza.

### 264\_DOBRE AFIRMACIÓN

A primeira afirmación é Dionysos, o devir. A segunda afirmación é Ariadna, o espello, a noiva, a reflexión. Pero o segundo poder da primeira afirmación é o eterno retorno ou o ser do devir. A vontade de poder como elemento de referencia é quen produce e desenvolve a diferenza na afirmación, quen reflicte a diferenza na afirmación da afirmación, quen a fai retornar á propia afirmación afirmada. Dionysos desenvolve, reflicte, eleva ata a máis alta potencia: estes son os aspectos do querer dionisiáco que serve de principio ao eterno retorno.